

M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a pagar por consumo real o recibo da auga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conciencia medioambiental dos cidadáns é cada vez maior, a auga segue sendo unha asignatura pendente. É un ben limitado e escaso, e para lograr unha xestión realmente sostible deste recurso, é preciso que as administracións, consumidores, industria, ... adopten medidas adecuadas para mellorar a súa xestión.

O prezo da auga debe establecerse con criterios que fomenten a eficiencia de consumo. Cobrar unha cuota fixa (ou de consumo mínimo) elevada penaliza os consumos baixos e disuade do aforro da auga. Propoñemos eliminar os consumos mínimos porque disuaden do aforro xa que o usuario paga sempre o mesmo, utilice esa cantidade de auga ou non; e incorporar tarifas progresivas para que a maior consumo, haxa maior custe. A empresa que ten a concesión neste Concello cobra por consumo mínimo, 10 m³/mes.

A xestión e o subministro da auga é unha competencia local, por iso debemos traballar co obxectivo de reducir o consumo da auga das familias e inculcarlles hábitos máis racionais e sostibles.

Tamén o uso do saneamento é directamente proporcional ó consumo da auga, uses ou non o servizo. No rural deste concello pasa que os veciños poden ter un consumo grande de auga e non usar o saneamento porque moita desa auga utilízase para regar.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Elaborar un estudio que consistiría en analizar a situación, xa que temos unha concesión con Viaqua, e aportar as posibles solucións.
2. Modificar o sistema de tarificación que permita aos Pobrenses pagar por auga consumida.
3. Resolver a problemática da zona rural na que se cobra o saneamento por consumo de auga e esta se utiliza para regar os cultivos.

A Pobra do Caramiñal, 10 de xullo de 2017.



M^a Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL